

MATERIA
Narrativa breve inglesa e norteamericana

**unidade
didáctica
1**

TITULACIÓN
Grao en Lingua e Literaturas Inglesas

Humanidades

O relato curto británico

Regina Martínez Ponciano

Área de Humanidades
Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá
Facultade de Filoloxía

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2019

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

ISBN

978-84-17595-65-4

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788417595654>

MATERIA: Narrative breve inglesa e norteamericana

TITULACIÓN: Grao en Lingua e Literatura Inglesas

Unidade I. O Relato Curto Británico

Virginia Woolf – “The Mark on the Wall”
Katherine Mansfield – “The Garden Party”
Muriel Spark – “You Should Have Seen the Mess”
Alan Sillitoe – “The Loneliness of the Long-Distance Runner”
Doris Lessing – “The Old Chief Mshlanga”
Jean Rhys – “Let Them Call It Jazz”
Hanif Kureishi – “My Son the Fanatic”
Angela Carter – “The Bloody Chamber”

Unidade II. O Relato Curto Irlandés

James Joyce – “A Mother”
Frank O’Connor – “Guests of the Nation”
Mary Lavin – “Lilacs”
Maeve Kelly – “Orange Horses”
Fiona Barr – “The Wall Reader”
Bernard MacLaverty – “Walking the Dog”

Unidade III. O Relato Curto Norteamericano

Edgar Allan Poe – “The Cask of Amontillado”
Kate Chopin – “Ripe Figs”
Katherine Ann Porter – “The Jilting of Granny Weatherall”
William Faulkner – “A Rose for Emily”
Ernest Hemingway – “Cat in the Rain”
Eudora Welty – “Livvie”
Amy Tan – “Two Kinds”
Sandra Cisneros – “One Holy Night”
Alice Munro – “How I Met My Husband”
Margaret Atwood – “Rape Fantasies”

ÍNDICE

0. PRESENTACIÓN

1. Contexto
2. Recomendacións para o alumnado

1. OBXECTIVOS

1. Obxectivos xerais da materia
2. Obxectivos específicos da unidade didáctica

2. CONTIDO

1. Introducción aos/ás autores/as
 - 1.1. Virginia Woolf
 - 1.2. Katherine Mansfield
 - 1.3. Muriel Spark
 - 1.4. Alan Sillitoe
 - 1.5. Doris Lessing
 - 1.6. Jean Rhys
 - 1.7. Hanif Kureishi
 - 1.8. Angela Carter

2. Tema
3. Narración
 - 3.1. Punto de vista
 - 3.2. Voz narrativa
 - 3.3. Discurso

4. Focalización

3. METODOLOXÍA

1. Programación
2. Recursos
3. Materiais
4. Actividades

4. AVALIACIÓN

1. Avaliación da materia
2. Avaliación da unidade didáctica
 - 2.1. Avaliación inicial da unidade didáctica
 - 2.2. Avaliación procesual da unidade didáctica
 - 2.3. Avaliación final da unidade didáctica
3. Porcentaxes avaliación unidade didáctica dentro da materia

BIBLIOGRAFÍA

ANEXOS

- Anexo 1: Ficha de traballo UD1 Narrativa Breve Inglesa e Norteamericana
Anexo 2: avaliación procesual

0. PRESENTACIÓN

1. Contexto

A presente unidade didáctica, O relato curto británico, corresponde coa primeira de tres unidades didácticas da materia optativa "Narrativa Breve Inglesa e Norteamericana" (6ECTS), impartida no 4º curso 1º cuadrimestre do Grao en Lingua e Literatura Inglesas da Universidade de Santiago de Compostela (USC). A materia "Narrativa Breve Inglesa e Norteamericana" intégrase na modalidade do "Maior Plus" e soe contar con aproximadamente 10 alumnos/as. Como tódalas materias do grao, "Narrativa Breve" impártese exclusivamente en inglés.

Despois desta unidade didáctica, que se leva a cabo en catro semanas, corresponde a unidade didáctica O relato curto irlandés, dunha duración de tres semanas, e, finalmente, a derradeira unidade didáctica O relato curto norteamericano, dunha duración de cinco semanas. Na súa totalidade, a materia oferta un estudo comparativo da evolución da narrativa breve na literatura das Illas Británicas e na literatura norteamericana dende as súas primeiras manifestacións no folclore e a tradición oral nativa ata a súa consolidación nos séculos dezanove e vinte. Nesta materia estúdanse as características distintivas da narrativa breve (voz, estrutura narrativa, temas, etc.) e as súas relacións con cuestións de tradición, identidade, individualidade, ou nación. Preténdese facer unha revisión dos relatos curtos máis representativos da literatura británica e norteamericana, analizando tamén as súas repercusións en outras tradicións literarias. Dentro deste marco, a presente unidade didáctica pretende ofrecer unha introdución ao xénero e máis á narrativa breve de Inglaterra.

2. Recomendacións para o alumnado

A memoria de verificación do título do Grao en Lingua e Literatura Inglesa recolle que o alumnado da materia "Narrativa Breve" ten que acadar, entre outras competencias básicas e xerais, o nivel lingüístico-comunicativo C2. Tal como formula a memoria, isto carrega que o alumnado ten que ser capaz de realizar unha:

utilización de la lengua inglesa como medio de comunicación oral y escrito, de representación, interpretación y comprensión de la realidad, de construcción y comunicación del conocimiento, y de la organización y auto-regulación del pensamiento, de las emociones y de la conducta. Los conocimientos, actitudes y destrezas propios de esta competencia permiten expresar en lengua inglesa pensamientos, emociones, vivencias y opiniones, así como dialogar, formarse un juicio ético y crítico, generar ideas, estructurar el conocimiento, dar coherencia y cohesión al discurso y a las propias acciones, adoptar decisiones y disfrutar leyendo, escuchando o expresándose de forma oral o escrita. ([Memoria de Verificación Oficial do Grao en Lingua e Literaturas Inglesas](#), Competencia General CG1)

A memoria tamén suxire que é importante que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos dun xeito profesional, poidan elaborar e defender os seus argumentos,

e resolver problemas dentro do seu ámbito de estudo con un alto grao de autonomía. O estudantado ten que ser capaz de reunir e interpretar datos relevantes para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas de índole social, científica ou ética. Finalmente, o estudantado debe poder transmitir información, ideas, problemas e as súas solucións tanto a un público especializado como non especializado.

Porén, non se esixen coñecementos previos sobre o relato curto nin sobre os/as autores/as escollidos/as, pero é aconsellable saber empregar termos e conceptos básicos da crítica literaria en inglés (como por exemplo 'plot'). No caso de dúbidas, débese consultar [The Living Handbook of Narratology](#) (un manual de narratoloxía en acceso aberto que se vai actualizando periodicamente) ou a bibliografía recomendada.

Finalmente, recoméndase encarecidamente que o alumnado saiba formatar os seus traballos escritos e máis citar fontes bibliográficas segundo a folla de estilo *MLA* tal e como está recollido na páxina web do [MLA Style Center](#) ou [OWL Purdue Writing Lab](#).

1. OBXECTIVOS

A epígrafe 1 desta sección recolle os obxectivos xerais da materia propostos na [guía docente da materia, elaborada polas profesoras Dra. Manuela Palacios González e Regina M. Ponciano \(2018\)](#), mentres que o punto 2 desta epígrafe expón os obxectivos específicos da presente unidade didáctica.

1. Obxectivos xerais da materia

- **obxectivo 1:** Recoñecer as características principais da narrativa breve;
- **obxectivo 2:** Recoñecer o contexto social e cultural no que foron creadas e publicadas as obras seleccionadas;
- **obxectivo 3:** Ter a capacidade para debater oralmente e por medio de ensaios críticos;
- **obxectivo 4:** Familiarizarse coas voces máis importantes da narrativa breve inglesa e norteamericana;
- **obxectivo 5:** Dominar as técnicas específicas da análise textual da narrativa breve.

2. Obxectivos específicos da unidade didáctica

- **obxectivo 1:** Recordar e afianzar termos básicos da análise literaria;
- **obxectivo 2:** Coñecer os textos en profundidade;
- **obxectivo 3:** Recoñecer a importancia do contexto social e cultural das obras británicas seleccionadas;
- **obxectivo 4:** Mellorar as habilidades prácticas para facer unha presentación oral de xeito fluído e con argumentos claros, convincentes e demostrables;

- **obxectivo 5:** Ser capaz de realizar análise literaria por escrita que inclúa comentarios sobre o tema, o narrador, e o focalizador;
- **obxectivo 6:** Ser capaz de realizar unha presentación oral crítica e estruturada sobre o tema, o narrador e o focalizador dos relatos curtos propostos;
- **obxectivo 8:** Ter integridade académica á hora de expoñer ideas de outros/as;
- **obxectivo 7:** Ser rigorosos á hora de facer análises literarias.

2. CONTIDO

1. Introducción aos/ás autores/as

1.1. Virginia Woolf

Virginia Woolf (1882–1941) é unha das escritoras británicas do movemento modernista de máis renome. Woolf é unha das pioneiras da literatura do século XX, entroutros logros, grazas ao seu uso da modalidade narrativa coñecida como o monólogo interior (*stream of consciousness* en inglés) e de múltiples focalizadores, que xuntos superpoñen a introspección filosófica ao argumento tradicional da literatura.

Xunto con outros importantes escritores, intelectuais, filósofos, e artistas, como John Maynard Keynes, E.M. Forster ou Lytton Strachey, Woolf formaba parte do Bloomsbury Group. Este grupo rexeitaba a ideoloxía burguesa e as convencións sociais e literarias da época Victoriana. Woolf e o seu marido, Leonard Woolf, fundaron Hogarth Press en 1917, onde a escritora publicaría a maioría da súa obra como tamén, entre outros, *The Waste Land* (1924) de T.S. Eliot ou traducións de Dostoiévski.

A obra de Woolf abarca temas altamente controvertidas que se pode caracterizar como feminista, anti-imperialista, agnóstico, ou *queer*. As súas novelas, como por exemplo *Mrs Dalloway* (1925), *To the Lighthouse* (1927) ou *The Waves* (1931), como tamén o seu importante ensaio feminista *A Room of One's Own* (1929), reciben no ámbito da crítica literaria, polo xeral, máis atención que as súas coleccións de relatos curtos *The Mark on the Wall* (1917), *Kew Gardens* (1919) ou *Monday or Tuesday* (1921).

1.2. Katherine Mansfield

De orixe neozelandesa, Katherine Mansfield (1888–1923) é unha das escritoras modernistas e feministas máis relevantes do principio do século XX. Con dezanove anos abandonou o seu país natal, e a partir de 1908 viviría exclusivamente en Europa, onde se integrou na comunidade modernista. Contribuíu ao xénero literario producindo *anti-stories*, é dicir, producindo relatos que rexeitan a orde linear do relato tradicional co uso de referencias cruzadas, *flashforwards* e *flashback*, narradores intrusivos e pouco fiables, entre outros.

Mansfield, en oposición a Woolf e outros/as escritores/as, dedicouse principalmente a escribir relatos curtos e poemas. Estableceuse como escritora coa colección *Bliss and Other Stories* (1920), onde a súa prosa imprégna-se dunha calidade poética para retratar escenas de Nova Zelandia. A súa posterior colección *The Garden Party and Other Stories* (1922) considérase a súa *magnum opus*, con relatos tan importantes como “At the Bay” ou “The Stranger”.

Dado á súa condición de exiliada, a súa obra mostra un grande interese nas repercusións psicolóxicas dos espazos. Nos seus relatos, tal e como é habitual en mulleres escritoras, Mansfield céntrase no cotiá e trivial para evocar pensamentos máis profundos sobre a arbitrariedade de convencións sociais e literarias. A partir do seu diagnóstico de tuberculose en 1917, a súa obra xira ao redor de cuestións de vida e morte, o deber e o arrepentimento, e, sobre todo, a intersección de xénero e clase social.

1.3. Muriel Spark

Dame Muriel Spark (1918-2006) foi unha novelista, escritora de relatos curtos, crítica literaria, poeta e biógrafa escocesa. Comezou a escribir poesía e crítica literaria despois da Primeira Guerra Mundial e empezou a escribir ficción a raíz da súa conversión ao Catolicismo Romano. Durante a Segunda Guerra Mundial, Muriel uniuse á *British Intelligence* para traballar na súa división de propaganda de guerra. Recibiu varios títulos honoríficos e foi galardoada co *Dame Commander of the British Empire* en 1993.

Muriel é recoñecida pola súas novelas *The Commander* (1957), *Memento Mori* (1959) ou *The Prime of Miss Jean Brodie* (1961). A súa obra caracterízase polo seu ton orixinal que cuestiona a razón do ben e do mal a través do seu uso frecuente de *flashsforwards*, que suxiren a súa visión do destino, ou de leitmotivs surrealistas que borran a distinción entre o real e o imaxinado.

1.4. Alan Sillitoe

Alan Sillitoe (1928–2010) é un autor da posguerra Británica frecuentemente asociado co grupo dos *Angry Young Men*, un movemento socio-político que xurdiu nos anos cincuenta para protestar contra a hipocrisía e mediocridade das clases medias e clases altas británicas.

Aínda que a Sillitoe non lle gustara ser chamado un *angry young man*, a súa obra reflicte a desilusión das clases obreiras coa falta de oportunidades na era da posguerra. Sillitoe sèrvese do realismo social para combater as inxustizas do sistema social británico. As súas obras máis importantes son a súa primeira novela *Saturday Night and Sunday Morning* (1958) e a colección de relatos curtos *The Loneliness of the Long Distance Runner* (1959), de entre máis de cincuenta publicacións.

Entre outros méritos, débesele acreditar a Sillitoe por introducir no seu relato “The Loneliness of a Long Distance Runner” o primeiro narrador de clase obreira da

tradición literaria das Illas Británicas. Tras o éxito deste relato, Sillitoe colaborou para adaptar o relato a un filme (dirixido por Tony Richardson) en 1962.

1.5. Doris Lessing

Doris May Lessing (1919-2013) foi una autora prolífica cuxa obra foi galardeada co Premio Nobel de Literatura en 2007. Naceu na antiga colonia inglesa de Rodesia, hoxe Zimbabue, onde Lessing pasou a primeira parte da súa vida. Consciente da severidade e inxustiza da discriminación racial, Lessing uniuse ao Partido Comunista antes de mudarse a Londres e comezar a súa carreira como escritora con 36 anos.

A obra de Lessing interésase nas das dimensións morais dos conflitos culturais e raciais e pódese dividir tamén en tres fases distintas: unha fase comunista (1944-1956), unha fase psicolóxica (1956-1969) e mais unha fase Sufi. Da súa ampla e variada obra cábenlle destacar a súa primeira novela, *The Grass is Singing* (1950), e a súa obra mestra *The Golden Notebook* (1962).

Lessing rexeitaba ser clasificada coma unha autora feminista. Cando recibiu o premio Nobel, Lessing queixouse de que a novela se convertera nunha carga porque as críticas se centraban case exclusivamente nos aspectos feministas da obra e non lle prestaban atención ao alcance e a estrutura da novela.

1.6. Jean Rhys

Ella Gwendolen Rees Williams (1890-1979), mellor coñecida coma Jean Rhys, foi unha escritora caribeña cuxa obra non foi considerada case ata o final da súa vida. Rhys naceu e pasou a súa mocidade na colonia británica de Dominica. Fillá dun galés e dunha crioula de orixe escocesa, nunca foi aceptada nin polos europeos nin pola sociedade crioula.

Aos 16 anos, viaxou a Londres para traballar como corista e a partir dos anos 1920 viaxou por toda Europa como artista bohemia de pouco éxito. En París, no ano 1924, Rhys coñeceu ao escritor inglés Ford Maddox Ford e comezou a escribir relatos curtos baixo o seu mecenado. Ford recoñeceu o seu sentido da forma e a súa defensa dos menos privilexiados. Porén, despois dun período de intensa produción baixo Ford, Rhys deixou de escribir durante case tres décadas, ata que escribiu *Wide Sargasso Sea*, unha precuela da novela *Jane Eyre* (1847) de Charlotte Brönte, que relata a historia de Bertha Mason, a primeira muller de Rochester. Rhys renaceu e comezou outra vez a escribir relatos curtos: antes da súa morte publicou as coleccións *Tigers Are Better Looking* (1968) e *Sleep it Off, Lady* (1976).

Na obra de Rhys encontramos mulleres moi parecidas á súa creadora. Son mulleres exiliadas de identidade híbrida que non son aceptadas en ningures, que se ven contidas polas regras patriarcais, e que son alienadas da sociedade en xeral. A súa escrita pos colonial mestura influencias modernistas e pos-modernistas coa realidade crioula que coñece, o que fai que a súa prosa teña un ton vibrante pero pouco convencional.

1.7. Hanif Kureishi

Hanif Kureishi (1954-) é un escritor, dramaturgo, guionista e cineasta de nai inglesa e pai paquistaní. Nado en Bromley, ao Sur de Londres, Kureishi estudou filosofía no King's College, Londres.

Kureishi ten unha obra variada. Comezou escribindo guións para filmes porno nos anos setenta ata que nos anos oitenta comezou a gañar premios coas súas obras de teatro. En 1981 gañou o "George Devine Award" para a súa obra teatral e ao ano seguinte ingresou na residencia artística do *Royal Court Theatre*. O seu guión para *My Beautiful Laundrette* (1984) foi nomeado para un Oscar mentres que *The Buddha of Suburbia* (1990) gañou o Premio Whitbread na categoría "Primeira Novela". Durante estes anos de primeiros éxitos, a familia de Kureishi acusouno varias veces de explotar a súa historia familiar con ánimo de lucro.

A obra de Kureishi é bastante pesimista dado que se enfoca na angustias e inseguridades de homes de mediana idade, as relacións complicadas entre o islam e o hedonismo occidental, malas relacións entre pais e fillos, e a atracción fatal do sexo. A través de diálogos intensivos e a interrogación sobre a moralidade de distintos personaxes, Kureishi constrúe unha prosa crúa e desconcertante.

1.8. Angela Carter

Angela Carter (1940-1992) é unha escritora británica do século XX de gran renome. As súas obras foron altamente innovadoras en termos narratolóxicos que xunto coa abundancia de referencias intertextuais e con contidos altamente psicanalíticos sitúan a Carter como unha das escritoras do pos modernismo británico.

Carter estudou literatura inglesa e traballou como xornalista antes de dedicarse á escrita e ingresar en varias residencias de universidades anglosaxoas. Nembargantes, unha das influencias máis importantes provén da súa estadía en Xapón, país ao que emigrou tras gañar un premio literario porque quería coñecer unha cultura totalmente distinta á súa. Desta época saíron a colección de relatos curtos *Fireworks: Nine Prophane Pieces* (1974) e a súa aclamada novela *The Infernal Desire Machines of Doctor Hoffman* (1972). Das posteriores obras desacataríamos a novela *The Passion of New Eve* (1977) e a colección *The Bloody Chamber* (1979). Nesta última, Carter propón varias alternativas aos contos tradicionais de Carapuchiña Vermella, a Bela e a Besta, Barba Azul, entre outros.

A súa ampla e variada obra, que inclúe novelas, relatos curtos, obras de radio, guións para filmes, libros para nenos e ensaios, caracterízase pola súa re-escritura de elementos da tradición literaria occidental. Sempre dende unha perspectiva feminista, e cunha forte fascinación co exótico e o erótico, Carter escribiu sobre moitos tabús e costumes patriarcais co propósito de darlle ás mulleres un papel máis independente e narracións onde elas teñen o control sobre as súas propias historias.

2. Tema

Na crítica literaria, o **tema** (*theme* en inglés) refírese ás ideas ou pensamentos ao que o texto literario fai referencia e ilustra. Este concepto de tema fai posible aos críticos literarios de discutir ‘de que vai’ a narrativa e do que o texto ‘di’ sobre unha idea.

O tema dun texto literario a miúdo explora ideas universais e non depende do (sub)xénero nin do contexto no que foi escrito. Distínguese do **motivo** e do **tópico literario** polo seu grao de abstracción. Nunha novela ou nun filme romántico, por exemplo, o tema podería ser (entre outros) o amor, mentres que o motivo sería ‘o amor imposible’, ‘o amor platónico’ ou ‘o amor sensual’, e o tópico literario (é dicir, unha idea xa expresada que se imita) sería o de *omnia vincit Amor*.

Non se debe confundir tema con **trama** (*plot* en inglés). Por exemplo, dicir que o relato “Araby” de James Joyce trata dun rapaz que vai ao mercado en busca dun agasallo para unha moza e que chega tarde NON é o tema: é un resumo da trama. O tema podería ser formulado como: “As ilusións do neno romántico son vulnerables.”

Non sempre é doado atopar o tema exacto dun texto literario posto que o tema se determina non só en base aos acontecementos dentro da narración. Tamén temos que ter en conta os pensamentos dos personaxes, a atmosfera ou a simboloxía. Por isto é posible que distintos lectores atopen distintos temas, ou que existan varios temas con distintos graos de importancia dentro dun mesmo texto. Na maioría dos textos literarios o tema é un elemento unificador que explica tódolos outros elementos narrativos (a voz, os personaxes, a moral, etc.). Trátase, entón, de xustificar como cada elemento narrativa confirma o tema do texto e colabora para facelo máis significativo, ou como hai elementos que crean conflito á hora de interpretar o texto.

Dado a relativa novidade do xénero literario, os relatos curtos soen ter coma tema principal cuestións relacionadas coa modernidade, e dado a súa marxinalidade estética e económica tamén soe tratar temas estigmatizados. Na literatura poscolonial, o relato curto tamén foi utilizado para abordar novos temas nunha emerxente literatura nacional no proceso de descolonización, como é por exemplo a identidade híbrida.

3. Narración

A narración refírese ao uso de técnicas orais ou escritas por parte do creador/a dun texto para presentar unha historia a un lector ou oínte. A narración, noutras palabras, fai referencia a quen conta a historia e a como a conta. A narración componse por un punto de vista narrativa (a perspectiva dende a cal se conta a historia), unha voz narrativa (o formato na cal se comunica a historia), e o tempo narrativo (os marcadores gramaticais que ancora a historia nun contexto temporal).

3.1. Punto de vista

O **punto de vista** dunha narrativa faise dende a perspectiva dun narrador (nun sentido espacial, temporal, psicolóxico, fraseolóxico ou ideolóxico). A relación entre o narrador, ou o punto de vista, e o que narra, inflúe moito no lector.

Sempre se ten que distinguir entre un narrador na primeira persoa (first person 'I-narration'), un narrador en segunda persoa ('you-narration'), e un narrador en terceira persoa (third person 'they-narration').

As narracións na primeira persoa pódense encontrar en obras de distintos épocas e estilos (por exemplo *Robinson Crusoe* (1719), *Jane Eyre* (1874), *The Color Purple* (1983)). Na maioría destas obras, o narrador é o protagonista central. Tamén soen ser subxectivos, dado que a narrativa se sitúa na interioridade do personaxe-narrador. Porén, hai técnicas para crear distancia narrativa. Un bo exemplo é *The Great Gatsby* (1922) de F.Scott Fitzgerald. Nesta novela o narrador é un personaxe secundario, Nick, que narra a historia en primeira persoa pero que permanece á marxe da trama do personaxe principal, Jay Gatsby.

O narrador en terceira persoa refírese aos personaxes da historia con pronomes na terceira persoa (*he, she, they*) e pode ser ou non ser un personaxe da mesma.

3.2. Voz narrativa

Pódese tratar dun **narrador interno**, que narra os pensamentos internos (dalgún) dos personaxes (coma Gabriel en "The Dead" de James Joyce), ou dun **narrador externo**, que narra só os feitos e acontecementos (coma o narrador de "Hills Like White Elephants" de Ernest Hemingway).

O narrador pode ser **restrinxido** ou **non restrinxido**. É dicir, pode ser omnisciente, ou pode ter conocimientos limitados.

Os narradores poden ser **imparciais, intrusivos**, ou mesmo **auto-conscientes** do seu estado como narradores.

Os casos de *The Scarlet Letter* (1850) de Nathaniel Hawthorne e *The Murder of Roger Ackroyd* (1926) de Agatha Christie amosan esta distinción. En ambas novelas a narración é na terceira persoa e ambos narradores son omniscientes: no caso da primeira novela, o narrador non forma parte dos personaxes da historia, pero si ten acceso aos pensamentos internos dos personaxes, os cales narra de forma imparcial. No caso da segunda novela, o narrador forma parte dos personaxes da historia, xa que non só é o axudante do detective Poirot, senón que tamén é o asasino do misterio que a novela está a resolver; non ten acceso aos pensamentos internos dos outros personaxes aínda que ten toda a información pertinente do caso, que presenta ao lector de modo que non saiba ata o final a identidade do asasino. Ao final da novela, o narrador confesa que deu falsas pistas e omitiu información relevante adrede na súa narración: é dicir, é consciente do seu estado de narrador e admite que foi intrusivo e mais enganoso.

3.3. Discurso

Nun texto literario, as palabras e pensamentos dos personaxes pódense plasmar de distintos xeitos.

No **discurso directo** (*direct speech*) o narrador cita as palabras dun personaxe e as marca tipograficamente:

‘Good morning,’ she said, copying her mother’s voice. (“The Garden Party”)

No **discurso indirecto** (*indirect speech*) o narrador informa das palabras ou pensamentos dun personaxe:

They looked impressive. Laura wished now that she was not holding that piece of bread-and-butter, but there was nowhere to put it and she couldn’t possibly throw it away. (The Garden party”)

O **discurso indirecto libre** (*free indirect discourse*) é unha forma mixta que combina elementos do discurso directo e o discurso indirecto, o que fai que as voces do narrador e do personaxe se fundan ata non poder distinguir entre elas:

His smile was so easy, so friendly, that Laura recovered. What nice eyes he had, small, but such a dark blue! And now she looked at the others, they were smiling too. ‘Cheer up, we won’t bite,’ their smile seemed to say. How very nice workmen were! And what a beautiful morning! She mustn’t mention the morning; she must be business-like. The marquee. (“The Garden Party”)

Autores como Jane Austen en *Emma* (1816), James Joyce en *Dubliners* (1914) fixeron uso desta técnica narrativa para aumentar o peso emocional das palabras ou pensamentos dun personaxe sen perder unha certa distancia narrativa.

Non se debe confundir o discurso indirecto libre co **monólogo interior** (*stream of consciousness*), unha técnica desenvolvida por autores como Marcel Proust, James Joyce, ou Virginia Woolf. No monólogo interior non existe un receptor dado que reflicte pensamentos que aínda están en proceso de ser formulados: representa o acto no que un personaxe deixa os seus pensamentos fluír, polo cal non se adhire nin ás regras tipográficas nin ás de lóxica, e carecen de coherencia e cohesión. Un exemplo de *Ulysses* (1922):

a quarter after what an unearthly hour I suppose theyre just getting up in China now combing out their pigtails for the day well soon have the nuns ringing the angelus theyve nobody coming in to spoil their sleep except an odd priest or two for his night office the alarmlock next door at cockshout clattering the brains out of itself let me see if I can doze off 1 2 3 4 5 what kind of flowers are those they invented like the stars the wallpaper in Lombard street was much nicer the apron he gave me was like that something only I only wore it twice better lower this lamp and try again so that I can get up early

4. Focalización

A focalización é un termo acuñado por Gerard Genette (1972) para referirse ao proceso de selección ou restrición de información narrativa entre o autor, o narrador, os personaxes, ou outras entidades do mundo da historia. Noutros termos, a

focalización reflicte a relación entre o relato, o relatador, e o relatado. Ao falar da focalización dun texto, fálase de como esta perspectiva ou punto de vista afecta á súa recepción.

A diferenza entre o narrador e o focalizador é que o primeiro narra o que lle pasa ao segundo. Porén, sempre están relacionados. Na narración de **focalización cero** o focalizador é totalmente externo aos personaxes e ten un coñecemento absoluto (Narrador > Personaxe). Na narración de **focalización interna** a narración faise dende o punto de vista dun personaxe (Narrador = Personaxe). Na narración de **focalización externa** hai unha relación entre o narrador e outros personaxes pero non ten acceso aos seus pensamentos, motivacións, ou sentimentos (Narrador < Personaxe).

Mesmo nas narrativas onde o narrador e o focalizador son o mesmo personaxe, fai falla distinguir entre eles. Un bo exemplo é este fragmento de *Great Expectations* (1860-61) de Charles Dickens. Pip narra algo que lle pasou cando era máis mozo:

‘You are to wait here, you boy’, said Estella and disappeared and closed the door.

I took the opportunity of being alone in the courtyard, to look at my coarse hands and my common boots. My opinion of those accessories was not favourable. They had never troubled me before, but they troubled me now, as vulgar appendages.

Vese claramente que o acontecemento que lle acontece a Pip de pequeno é narrado dende a perspectiva do Pip adulto, xa que palabras como “accessories” ou “appendages” non pertencen ao vocabulario dun neno. O narrador e Pip o adulto mentres que o focalizador e Pip o neno.

3. METODOLOXÍA

1. Programación

Como o sinala a [guía docente](#), a materia “Narrativa Breve e Norteamericana” combina docencia expositiva (16 horas), docencia interactiva (32 horas), titorías persoais (3 horas) e traballo persoal do alumno (99 horas). Na súa totalidade, tal e como reflicte a táboa, a materia componse de 150 horas:

DOCENCIA EXPOSITIVA	DOCENCIA INTERACTIVA	TITORIAS PERSOALES	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	TOTAL
16	32	3	99	150

A presente unidade didáctica, *O Relato Curto Británico*, desenvólvese ao longo das primeiras catro semanas da materia. Ao longo destas catro semanas combínanse unha hora de clase expositiva con dúas horas de clase interactiva. Nas clases expositivas lévase a cabo unha introdución teórica ao xénero literario (semana 1) e aos conceptos TEMA (semana 2), NARRACIÓN (semana 3) e FOCALIZACIÓN (semana

4). Nas clases interactivas o alumnado aplica os coñecemento adquiridos durante as clases expositivas ás súas análises dos textos programados. No caso da primeira semana, permítese ao alumnado facer unha análise máis xeral.

SEMANA	UNIDADE DIDÁCTICA	CLASE EXPOSITIVA (50')	CLASE INTERACTIVA 1 (50')	CLASE INTERACTIVA 2 (50')
1	The British Short Story	Introdución	Virginia Woolf –“The Mark on the Wall”	Katherine Mansfield –“The Garden Party”
2		Tema	Muriel Spark –“You Should Have Seen the Mess”	Alan Sillitoe –“The Loneliness of the Long-Distance Runner”
3		Narración	Doris Lessing –“The Old Chief Mshlanga”	Jean Rhys –“Let Them Call It Jazz”
4		Focalización	Hanif Kureishi –“My Son the Fanatic”	Angela Carter –“The Bloody Chamber”

Estímase que a presente unidade didáctica require 33 horas de traballo persoal por parte do alumnado. Enténdese por traballo propio: a lectura en profundidade dos textos, a consulta de referencias bibliográficas, a consulta de manuais de estilo e citación, a preparación das actividades presenciais, a reflexión sobre os coñecementos e destrezas adquiridos, e a elaboración do traballo final.

2. Recursos

O alumnado debe empregar os recursos adecuados para as análises literarias de índole académico. Aconséllase non empregar Wikipedia coma fonte bibliográfica (aínda que, por suposto, pódese consultar para facer unha primeira toma de contacto con algún tema ou autor).

Os recursos máis doados de utilizar son o buscador da biblioteca da USC; [Google Scholar](#), que se especializa na busca de contido e bibliografía científico-académica; e tamén [Literature Online](#), que recompila tanto material bibliográfico coma textos primarios. Para aqueles/as que o prefiran, tamén se recomendan os xornais académicos [JStor](#) e o [Journal of the Short Story in English](#).

O manual de estilo que se debe empregar é o [MLA Formatting and Style Guide](#). O MLA é un estilo de citación doado e flexible que permite citar unha gran variedade de fontes sen complicar a anotación destes mesmos.

En canto a dicionarios, recoméndanse o [Oxford English Dictionary](#), [Merriam-Webster](#), [The Free Dictionary](#), e [Wordreference](#). Para a busca de sinónimos e antónimos, recoméndase [Thesaurus](#).

Finalmente, recoméndase ao alumnado que empregue todos os recursos dixitais que melloran a súa escrita en inglés. Algunhas aplicacións que se recomendan son [Grammarly](#), [GrammarLookUp.com](#), ou [HemingwayApp](#).

3. Materiais

O alumnado pode atopar todos os textos no Campus Virtual da USC. Nesta plataforma virtual, ademais, póñense a disposición as fichas de traballo (véxase o anexo 1), os criterios de avaliación (véxase o anexo 2) e un foro de novas para fomentar así a aprendizaxe participativa.

4. Actividades

Propóñese o seguinte fluxo de traballo:

- **Na primeira clase expositiva**, a docente introduce aspectos teóricos (tema, narrador, focalizador), aspectos históricos, sociais e culturais do relato curto nas Illas Británicas e datos biográficos ou estilísticos relevantes dos/das autores/as;
- **Antes da primeira clase interactiva**, o alumnado realiza unha lectura profunda dos relatos curtos programados;
- **Antes da primeira clase interactiva**, o alumnado ten que preparar unha presentación oral para a clase interactiva 1 sobre o/a TEMA (semana 2), NARRACIÓN (semana 3) e FOCALIZACIÓN (semana 4) nos textos escollidos. A presentación adoita ser completado coa bibliografía básica recomendada;
- **Na clase interactiva 1**, todo o alumnado presenta a súa análise e o docente (e mais outros alumnos/as) proporciona(n) *feedback*. A docente avalía o conxunto de presentacións (véxase o Anexo 2);
- **Despois da clase interactiva 1**, o alumnado prepara a presentación da clase interactiva 2 sobre a mesma cuestión (TEMA (semana 2), NARRACIÓN (semana 3) e FOCALIZACIÓN (semana 4)) no texto programado.
- **Na clase interactiva 2**, o alumnado presenta a súa análise (e mais outros/as alumnos/as) proporciona(n) *feedback*. A docente avalía o conxunto de presentacións (véxase o Anexo 2);
- **Antes, durante ou despois das clases interactivas**, o alumnado cobre a ficha de traballo (véxase o Anexo 1)

Esta dinámica repítese tódalas semanas. **Despois da cuarta semana** da unidade didáctica, cada alumno/a ten que presentar un traballo escrito que recolla unha introdución ao/á autor/a, unha análise do TEMA, da NARRACIÓN, e da FOCALIZACIÓN nun dos relatos traballados, e unha conclusión. Preténdese que o traballo escrito estea formatado segundo o manual MLA (véxase a sección de recursos) e que reflicte que o/a alumno/a comprende os contidos teóricos introducidos nas clases expositivas, e mais a habilidade de organización dos argumentos practicada nas clases interactivas.

4. AVALIACIÓN

1. Avaliación da materia

Na avaliación da primeira convocatoria (xaneiro), o exame final representa o 60 % da cualificación final, mentres que as tarefas encomendadas e a participación activa na aula representa o 40 % da cualificación final.

Na avaliación da segunda convocatoria (xullo), a nota das tarefas e da participación en clase mantéñense para a segunda oportunidade. O alumnado que non participou nestas actividades durante o curso perderá o 40 % correspondente da nota final.

2. Avaliación da unidade didáctica

2.1. Avaliación inicial da unidade didáctica

Non se pretende facer unha avaliación inicial de xeito explícito (mediante un exame ou algo parecido). Porén, as presentacións orais por parte do alumnado durante a primeira semana da unidade didáctica serven para facer unha análise de necesidades.

2.2. Avaliación procesual da unidade didáctica

Tal como foi exposto na sección "Actividades", o alumnado ten que facer unha presentación oral de 5 minutos en cada un das clases interactivas sobre o TEMA (na semana 2), a NARRACIÓN (na semana 3), e a FOCALIZACIÓN (na semana 4). Despois de cada presentación, a docente debe proporcionar ao alumnado con unha análise da presentación xunto con un breve *feedback*. Deste xeito, o alumnado ten cada semana a oportunidade de facer unha primeira análise destas cuestións narratolóxicas, mais unha segunda análise onde incorpora o *feedback* recibido. O obxectivo deste exercicio é que o alumnado poida mellorar os contidos máis a habilidade de facer presentacións orais.

Nas presentacións hai cinco cuestións que se puntúan de 0–10 (véxase o Anexo 2):

- a fluidez da presentación;
- a estruturación do argumento;
- a mostra de comprensión dos conceptos abarcados;
- o uso de citas pertinentes ;
- a corrección lingüística.

Ao longo do desenvolvemento da unidade didáctica organizarase unha sesión de titoría personalizada por alumno/a. Nesta titoría trátase de resolver dúbidas sobre o borrador do traballo escrito.

2.3. Avaliación final da unidade didáctica

Despois da derradeira sesión da unidade didáctica, nun prazo establecido, o alumnado ten que entregar o traballo escrito final: unha análise do TEMA, da NARRACIÓN, e a FOCALIZACIÓN nun dos relatos traballados. Na corrección deste traballo valórase tanto o contido do traballo, como a súa estrutura, claridade argumentativa e corrección lingüística.

3. Porcentaxes avaliación unidade didáctica dentro da materia

	UD1	UD2	UD3	PUNTUACIÓN MÁX. MATERIA
PRESENTACIÓNS ORAIS	8 %	6 %	11 %	25 %
TRABALLO ESCRITO	5 %	5 %	5 %	15 %
EXAME FINAL	/			60 %
NOTA FINAL	/			100 %

BIBLIOGRAFÍA

- BALDWIN, Dean. 1989. *Virginia Woolf: A Study of the Short Fiction*. Boston: Twayne.
- BOWLBY, Rachel. 1997. *Feminist Destinations and Further Essays on Virginia Woolf*. Edinburgh: Edinburgh UP.
- DREWEY, Claire. *Modernist Short Fiction by Women: The Liminal in Katherine Mansfield, Dorothy Richardson, May Sinclair and Virginia Woolf*. Ashgate 2012.
- GÓMEZ-REUS, Teresa, and Aránzazu USANDIZAGA (eds.). *Inside Out: Women Negotiating, Subverting, Appropriating Public and Private Space*. Rodopi, 2008.
- GÓMEZ-REUS, Teresa, and Terry GIFFORD (eds.). *Women in Transit through Literary Liminal Spaces*. Springer, 2013.
- HANSON, Clare (ed.). *Re-Reading the Short Story*. Palgrave Macmillan, 1989.
- Hanson, Clare. *Short Stories and Short Fictions, 1880-1980*. Macmillan, 1985.
- HARRINGTON, Ellen Burton. 2008. *Scribbling Women & the Short Story Form: Approaches by American & British women writers*. New York: Peter Lang.
- HEAD, Dominic. 1994. *The Modernist Short Story: A study in theory and practice*. Cambridge: Cambridge University Press.
- HOWELLS, Coral Ann. 2006. *The Cambridge Companion to Margaret Atwood*. Cambridge, UK; New York: Cambridge University Press.
- HUNTER, Adrian. 2007. *The Cambridge Introduction to the Short Story in English*. Cambridge; New York: Cambridge University Press.

- IFTEKHARRUDIN, Farhat (ed.) 2003. *Postmodern Approaches to the Short Story*. Westport: Praeger.
- INGMAN, Heather. 2009. *A History of the Irish Short Story*. Cambridge: Cambridge University Press.
- KOBLER, J.F. 1990. *Katherine Mansfield: A Study of the Short Fiction*. Boston: Twayne Publishers.
- KORTE, Barbara. *The Short Story in Britain: A Historical Sketch and Anthology*. Tübingen, 2003.
- LAMB, Robert Paul. 2010. *Art Matters: Hemingway, Craft, and the Creation of the Modern Short Story*. Baton Rouge: Louisiana State University Press.
- LEVINE, Stuart and Susan LEVINE (eds.) 1990. *The Short Fiction of Edgar Allan Poe: An Annotated Edition*. Urbana: University of Illinois Press.
- LOHAFFER, Susan and Jo Ellyn CLAREY (eds.) 1989. *Short Story Theory at a Crossroads*. Baton Rouge: Louisiana State University Press.
- MALCOLM, C.A. & D. MALCOLM (eds.) 2008. *A Companion to the British and Irish Short Story*. Oxford: Wiley-Blackwell.
- MARCH-RUSSELL, Paul. *The Short Story: An Introduction*. Edinburgh University Press, 2009.
- MAY, Charles E. 1991. *Edgar Allan Poe: A Study of the Short Fiction*. New York: Twayne.
- PICK, Anat. *Creaturely Poetics: Animality and Vulnerability in Literature in Literature and Film*. Columbia UP, 2011.
- STOREY, Michael L. 2004. *Representing the Troubles in Irish Short Fiction*. Washington, D.C.: Catholic University of America Press.
- TALLY, Robert T. Jr. (ed.) *Geocritical Explorations: Space, Place, and Mapping in Literary and Cultural Studies*. Palgrave Macmillan, 2011.
- TALLY, Robert T. Jr. *The Routledge Handbook of Literature and Space*. Palgrave Macmillan, 2017.

ANEXOS

Anexo 1: Ficha de traballo UD1 Narrativa Breve Inglesa e Norteamericana

	THEME	NARRATION	FOCALIZATION
VIRGINIA WOOLF –“THE MARK ON THE WALL”			
KATHERINE MANSFIELD –“THE GARDEN PARTY”			
MURIEL SPARK –“YOU SHOULD HAVE SEEN THE MESS”			

	THEME	NARRATION	FOCALIZATION
ALAN SILLITOE –“THE LONELINESS OF THE LONG-DISTANCE RUNNER”			
DORIS LESSING –“THE OLD CHIEF MSHLANGA”			
JEAN RHYS –“LET THEM CALL IT JAZZ”			
HANIF KUREISHI –“MY SON THE FANATIC”			
ANGELA CARTER –“THE BLOODY CHAMBER”			

Anexo 2: avaliación procesual

- Nome alumno/a:
- Texto:
- Tema:

	OBSERVACIÓNS	RETROACCIÓN	PUNTUACIÓN FINAL (0-10)
A FLUIDEZ DA PRESENTACIÓN			
A ESTRUTURACIÓN DO ARGUMENTO			
A COMPRENSIÓN DOS CONCEPTOS ABARCADOS			
O USO DE CITAS PERTINENTES			
A CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA			





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidades didácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

